

CURSO DE NARRACIÓN ORAL DO CIOV 2015/2016

Neste novo curso, o terceiro, volvemos propoñer desde o Centro de Interpretación de Oralidade de Vigo CIOV, a aprendizaxe de recursos para Narración Oral na escena e a posta en práctica dos mesmos.

Dirixidos tanto ao alumnado que xa formou parte destas dinámicas como ao que quere entrar por primeira vez, os contidos estarán divididos en tres bloques e impartidos por tres profesoras diferentes: Paula Carballeira, Raquel Queizás e Ana Carreira. Deste xeito, o alumnado traballará non só desde a diversidade e complementariedade que outorga a integración nun colectivo, senón que o fará desde a diversidade e a complementariedade docente.

As aulas impartiránse no Instituto Municipal de Educación, IME, sito no camiño do Chouzo, 2 de Vigo e estarán organizadas, como cada ano, polo CIOV, dependente da Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

BLOQUE 1

PROFESORA: Ana Carreira

DATAS: 12 de novembro de 2015

19 de novembro de 2015

26 de novembro de 2015

3 de decembro de 2015

10 de decembro de 2015

17 de decembro de 2015

CONTIDOS XERAIS:

A DRAMATURXIA DOS CONTOS. QUE CONTAR E COMO CONTAR

A Narración Oral é un espectáculo escénico no que o narrador e a narradora, a través das súas historias, ofrece un mundo ficcionado aos espectadores.

Unha das maiores dificultades de quen se achega á Narración Oral é decidir que contar, como contar e por que contar. Por iso a reflexión e a práctica faránnos chegar aos diversos xeitos de converter o desexo de transmitir emocións nun encontro co coñecemento dos recursos da oralidade.

Neste primeiro bloque de contidos, que se verá reforzado no segundo e terceiro, o alumnado traballará O QUE e O COMO:

-O QUE: Do desexo de contar parte a busca dos referentes, a escollo dos puntos de partida, a análise das fontes para a elaboración do repertorio.

Para isto afondaremos nos seguintes temas:

1.-As fontes das historias ou de onde partir: Anécdota, lenda, mito, conto, fábula; abordaxe á tradición oral galega.

2.-Funcionalidade ou para que contamos: Comunicación; Construción da memoria histórica; Asimilación da tradición oral como patrimonio; Sociolingüística: Normalización da lingua galega; Estética: entretemento

3.-Os temas ou de que falamos e desde onde: A adecuación á nosa realidade; A adaptación; A universalidade

4.-O xénero ou o ton que empregamos; a transgresión do xénero; o *estatus* do receptor

O COMO: Desde a análise e construción dos ingredientes da historia, tecemos a tea coa que producir emoción nos espectadores, enredándoos na nosa explicación do mundo desde a ficción e a universalización dos grandes temas da humanidade. Para isto abordaremos os puntos seguintes:

1.-Argumento

2.-Personaxes

3.-Espazo; Tempo (Ordenación e duración); A digresión.

4.-Mecanismos de recepción.

5.-Dimensión simbólica ou metafórica de cada un dos ingredientes para a elaboración da trama

Só a partir da análise persoal e colectiva destes aspectos, o narrador e a narradora poden tomar conciencia plena das motivacións e dos recursos que os levan a achegarse a este novo e ao mesmo tempo vello oficio de contar.

BLOQUE 2

PROFESORA: Paula Carballeira

DATAS: 14 de xaneiro de 2016

28 de xaneiro de 2016

4 de febreiro de 2016

11 de febreiro de 2016

25 de febreiro de 2016

3 de marzo de 2016

CONTIDOS XERAIS:

SOBRE A NECESIDADE E AS MANEIRAS DE CONTAR CONTOS

Queremos que nos conten cousas. Queremos que nos miren aos ollos e nos falen do que lle aconteceu a alguén, lonxe de aquí, hai moito tempo. Ese é o xermolo das grandes narracións, as que nos explican a vida, as que poñen ao noso alcance a ficción que nos fai comprender a realidade. Cando se lles contan historias aos nenos e ás nenas, estamos dándolles ferramentas para a súa aprendizaxe, para o camiño que van seguir no seu desenvolvemento persoal, que pasa pola expresión oral, corporal, escrita, por descubrir as nosas potencialidades como seres humanos.

A través dos contos, desa intimidade que se crea entre quen narra e quen escoita, podemos transmitir os grandes contidos que hai detrás de historias sinxelas, pero tamén podemos introducir a música que hai nas palabras, a súa riqueza e variedade, a xestualidade que ilustra ou realza a narración, o xogo, coas súas normas e por suposto co seu compoñente lúdico, a necesidade de facer unha pausa nas nosas rutinas para compartir un momento único, o momento do conto.

Os grandes apartados dos que falaremos son:

1.- A SINGULARIDADE. Cada narrador ou narradora é único. Antes de disfrazarnos, poñernos máscaras ou copiar os recursos de alguén que admiramos, cómpre saber que tipo de narrador ou narradora somos para aproveitar os nosos propios recursos: que nos interesa transmitir, que nos interesa traballar, que nos interesa amosar....

2.-A NECESIDADE DE CONTAR HISTORIAS, DE CONMOVER, DE PROVOCAR EMOCIÓN. O conto como metáfora da vida. As palabras como tecido da realidade.

A ficción como lugar onde recrear o mundo.

3.-QUE HISTORIAS QUEREMOS CONTAR?. Temas que nos preocupan e que cremos que poden empatizar con quen nos escoita. Os contos clásicos e os seus conflitos. Os contos que cada narrador/a leva na memoria. A selección de contos.

4.- O TRABALLO COA HISTORIA PARA SER CONTADA. Centrarse na historia e

esquecerse d@ narrador/a. A esencia: a sinopse, o tema. A estrutura. O ritmo. Os ambientes. As imaxes. O xogo. A entrada e a saída na historia.

5.-A ESCOITA. A comodidade de quen conta e de quen escoita. O momento de pausa, de deixar a un lado a nosa cotiidade. A atención. A importancia do que se vai contar.

E, por suposto, deixaremos que os contos acaben cos nosos temores, coas nosas preocupacións escoitando o que lle aconteceu a alguén que non coñecemos, noutro lugar, hai moito, moito tempo.

BLOQUE 3

PROFESORA: Raquel Queizás

DATAS: 10 de marzo de 2016

17 de marzo de 2016

31 de marzo de 2016

7 de abril de 2016

14 de abril de 2016

21 de abril de 2016

CONTIDOS XERAIS:

AS HISTORIAS CONTRÚENSE XOGANDO

Neste bloque trataremos sobre o repertorio de Contos para nenos e nenas atendendo a diferentes variables, respondendo ás diferentes preguntas que xorden na escolla de historia ou nos comportamentos do público.

- 1.-Os tramos de idade.
- 2.-Que lonxitude debe ter un conto para manter a atención dos nenos e nenas?
- 3.-Que facer se non compartimos os valores que transmite o conto?
- 4.-Que facer se os nenos interrompen ou non se interesan pola historia?
- 5.-Convén facelos participar no conto dalgún xeito?

Para dar resposta a estes temas que preocupan a quen traballa con nenos

- 1.-Brincaremos cos contos, coas palabras, co noso corpo, coa nosa voz, con monicreques.



2.-Xogaremos cos obxectos a animalos, a espertar a metáfora que durme dentro deles, para que formen parte do espazo escénico e sirvan de reforzo á palabra sen quitarlle protagonismo.